

PREGÓN DA SEMANA SANTA LUCENSE, 2024

ANDRÉS RAMOS CASTRO

IGREXA PARROQUIAL SANTIAGO "A NOVA"

LUGO, 18 DE MARZO DE 2024

PREGÓN DE LA SEMANA SANTA LUCENSE

Parroquia da Nova

Lugo, 18 de marzo, 2024

- Excmo. y Rvdmo. Sr. Obispo de Lugo, querido D. Alfonso Carrasco;
- Coordinador General de la Junta de Cofradías y Hermandades, D. Ramón Basanta, hermanos mayores y capellanes;
- Vicario General, querido Mario;
- Sacerdotes de Santiago A Nova, Luciano y Daniel, que hoy nos acogéis en vuestra casa;
- Compañeros sacerdotes;
- Alcaldesa de Lugo, Dña. Paula Alvarellos;
- Delegada territorial en funciones de la Xunta de Galicia, Dña. Marta Barreiro;

- Representante de la Diputación, D. Miguel Fernández Méndez;
- Alcalde de Lalín, querido Pepe;
- Diputado por Lugo, querido amigo Paco;
- Fiscal general de Lugo, D. Roberto Breznes;
- Miembros de la corporación municipal;
- Director y miembros del Orfeón de Lucense;
- Un saludo muy especial a D. Jesús Santiago, amigo sacerdote y mediación de mi presencia hoy con ustedes;
- Querido ahijado Andrés, bien acompañado por tu novia, padres y los queridos amigos de Monforte de Lemos;
- Vecinos de Lugo;
- Seminaristas;
- Señoras y señores.

En primer lugar, he de agradecer esta invitación, junto con el reconocimiento por la presencia de cada uno de ustedes. Debemos poner en valor todo el trabajo

realizado desde las diversas cofradías a lo largo del año. Gracias a ello, los pasos de la Semana Santa lucense recorrerán vuestras calles llenándolas de ese **misterio que ensancha los corazones**, propicia y acrecienta un espacio de silencio y reflexión.

Acompañando en sus carrozas a Cristo y a su Santísima Madre, con hábitos, estandartes, varales, cruces, música, incienso, cirios y flores, habrá muchas mujeres y hombres conmovidos ante lo que se nos desvela en la **Pasión** y los sentimientos que en ella se originan.

Caminando y contemplando el secreto de la soledad y del silencio, del dolor y la entrega, de la fuerza que palpita en ese Corazón cuyo misterio de amor es lo más grande, extraordinario y positivo que se puede conocer, soñar y esperar.

Mujeres y hombres caminando ensimismados quizás en sus plegarias, implorando entender la bondad y la belleza de ese amor inmarcesible, y la fe necesaria para encontrar ahí el sentido profundo de la vida, encontrar ese amor necesario e iluminador para sus búsquedas, anhelos y propósitos.

Pola miña parte, veño cos ollos quedos dun neno que, ó dicir do poeta aveciñado en Monforte, Manuel María, “teñen unha fondura que me inqueda”¹.

Veño coa humildade, o abraio e a gratitude dun paisano meu da bisbarra do Deza, un personaxe da literatura do noso tempo que me acompañou desde a miña nenez. Trátase de Balbino cuxa historia nos describe Xosé Neira Vilas. Así se presenta: "*Eu son Balbino, un rapaz da aldea. Coma quén di, un ninguén... vexo o mundo arredor de min e adoezo por*

¹ Manuel María, Ollos de neno

*entendelo. Vexo sombras e luces, nubeiros que viaxan, lume, árbores...**Qué é todo esto?** escribir no caderno é coma baldeirar o corazón. Parece un milagre...pero para mi é un milagre todo. Dende as pingueiras da chuvia ata o canto do grilo.”²*

“Qué é todo esto?” Esta tarde quixera baldeirar no caderno e compartir con vostedes ese asombro e inquedaanza de Balbino, o asombro ante un misterio posiblemente insondable para a razón, que pode parecer mesmo humanamente ilóxico, pero, tal como o estamos pregoando, vai a ocorrer e se vai actualizar con moita emoción na Cidade de Lugo, ¡e en todo o mundo!

Esa **presenza** e contemplación humilde do sagrado, é a milagre que atraerá a nosa **ollada**, e si acadamos ser máis ca espectadores, quedaremos interpelados sen

² Xosé Neira Vilas. Memoria nun neno labrego. Edicions do Castro. Pág. 25

dúbida, xa que esa **presenza** pode ser vista, escoitada, apalpada, experimentada, por aqueles que queren crer, e chegará ó fondo da nosa alma porque o transforma todo, incluso “o sufrimento e a morte dotándoos dun senso novo”³.

Dito isto, e aínda sabendo que “*ás veces, a mellor maneira de explicar algo é calando*”⁴, quérolles falar, precisamente, esta noite de **permanencias**, de **pertenzas** e de **olladas** e, por suposto, para que ninguén dubide de que non se trata dun discurso feito a través da intelixencia artificial dos algoritmos do *chatGPT*, o fondo do que lles quero falar é quizais “**demasiado humano para que non lle afecte demasiado o tempo**”⁵, e tan divino que, estou de certo, nos inducirá a mirar ata arriba e a comprender o que é realmente seguro e eterno, o que merece o noso interese e a nosa atención.

³ El sentido busca al hombre. AAVV. Ed. UFV. Pág, 254

⁴ Xosé Neira Vilas. Memoria nun neno labrego. Edicions do Castro. Pág. 117

⁵ Ortega y Gasset. La Rebelión de las masas. Prólogo para franceses.

É tan humano, que presinto non vou ser quen de librar-me da marcaxe do relato da propia vida. Por un lado, asegurarlles que os meus vencellos con esta cidade, esta provincia e esta diocese, ó seu querido Seminario, sinalaron o berce do que fun entendendo coma toda **unha escola de humanidade**, así llelo agradecín ós veciños de Navia de Suarna na celebración das minas vodas de prata. Foron, fóstedes, nesta diocese, unha escola para o meu ministerio sacerdotal, tanto, que desexaría que este texto puidera entenderse como unha **harmoniosa sintonía de recoñecemento, de amor e gratitude**, polos moitos recordos que **permanecen** e requiren un espazo na memoria. A gratitude sempre na dirección adecuada, a Deus e a tanta xente boa e querida que El puxo no meu camiño.

Cheguei por primeira vez a un Lugo para min descoñecido unha mañá de mesta néboa, moi cedo, un día de outubro do ano 1980; esa néboa que, dicía Ánxel Fole, “candia ela trae o misterio o mesmo en Londres que en Lugo”⁶.

¡Xamais estivera eu tan dentro dunha nube! Quedei abraiado e inspirado pola sorpresa, a beleza e a espiritualidade que se acochaba. Ó lonxe, desde o autobús gris da empresa “la Freire”, o “coche de línea” de toda a vida, asomaban unicamente as torres da Catedral: ¡E ese era o meu destino! O meu obxectivo. Buscaba a **pertenza** a unha diocese, a miña, e dábame acubillo un bispo, un concidadán de Lalín, **Frei Xosé Gómez González**, ó que tanto debo e ó que Deus pague todo o ben que nos fixo.

⁶ Ánxel Fole. Obra Completa, volumen 2. Pág 311

Previo ó encontro, de novo unha **ollada**. Diante do Cristo. Nesta ocasión de xeonllos fronte ó **Santísimo Sacramento**, para borboriñar a oración que me ensinaron os meus pais, Manuel y Elvira, a oración de Xesús esencia do seu Evanxeo: a do Pan cotiá, a de fágase a túa vontade, a do perdón e da loanza. E aquel Avemaría ante una imaxe que me atrapou e me acompañou desde ese día, e á que consagrei o meu sacerdocio, a **ollada** agarimosa e **permanente** da **Virxe dos Ollos Grandes**.

Fixen miñas, xa para sempre, e consagreime a Ela coas palabras de San Xoán Paulo II: “Fai que eu sempre te **pertenza**, Virxe María, Nai do meu Deus. **Pertencerte** na vida, na morte, no sufrimento e na cruz, no tempo e na eternidade”.

Esa **ollada**, ese día, esa oración e esa **pertenza**, en boa parte pola boa acollida de Frei Xosé, asegúrolles,

permaneceron e **permanecerán** sempre na miña memoria.

E esa **pertenza**, que se reflexa na viaxe xa cada vez máis dilatado do tempo -do meu tempo-, foime levando a lugares e paisaxes sempre sorprendentes, con moitos séculos de historia, “de tempos apostólicos”; algúns deles descritos en novelas e en poemas; dunha rica tradición cultural, herdanza dos nosos devanceiros; lugares con recoñecemento de patrimonio universal, como a nosa Catedral e a muralla de “ilustres pedras romanas”⁷; ou medievais como a de Monforte; torres defensivas; portas; rúas singulares de granito e lousas; lugares con castelos, fortalezas, muiños, cruceiros, igrexas e magníficos mosteiros, ou sinxelas e entrañables capelas na paz da montaña.

⁷ Anxel Fole. Poesía na honra da muralla de Lugo

E, por suposto, cidades e vilas con corazón de ríos de augas limpas: Deza, Navia, Cabe, Miño; con pontes ancestrais que **permanecen** no tempo, como a medieval da Proba de Navia, ou a Ponte Vella de Monforte ou a de Lugo. Montañas, vales e paisaxes dunha beleza indescribible que cativan a nosa **ollada**; “camiños verdes, profundos”⁸ como describe Pimentel, polos que paseniñamente marchan os peregrinos; unha terra produtiva, feraz, fértil, chea de vida e de futuro.

Pero, sobre todo, cheguei a coñecer e compartir a vida con xente marabillosa, persoas, di o poeta, “únicas ante Deus e no tempo”⁹; a forxar as miñas grandes amizades, a aprender que este servicio ou vocación do sacerdocio, so e posible e auténtico desde a busca da **ollada** de Deus e a apertura e sintonía co seu Corazón; e desde o respecto e a humildade, a busca da **ollada**

⁸ Luis Pimentel. Paseo. Luciano Rodríguez. Poetas galegos do século XX, Antoloxía. Pág. 44

⁹ José Luis Borges. Fervor de Buenos Aires. Las Calles. Obras Completas. RBA. Instituto Cervantes. Pág. 17

e o corazón de tantas mulleres e homes, que na procura cotiá do ben posible desexan o benestar para eles, pero sempre antepoñen o ben dos demais; que traballan arreo e viven honestamente, con responsabilidade, con valores arraigados, con paz e liberdade; xenerosos, que disfrutan da amizade e do sentido do humor, de unha boa conversa e dun bo xantar, cuxos fogares, dicía Otero Pedrayo, “recenden como un forno de bo pan”, nun domingo de outono¹⁰.

Esa **ollada** e apertura do corazón que é fonte de felicidade¹¹, e que afonda nunha **pertenza**, nunha amizade que sempre é un agasallo de seguridade para os bos e os malos momentos da vida.

Para describir esa **ollada**, permítanme continuar con outra referencia persoal: acudir, como tantos de nosoutros en tantas ocasións, ó que Manuel María

¹⁰ Ramón Otero Pedrayo. Domingo de outono

¹¹ Evangelii gaudium, 272

chamaba “*paisaxes de neno, amadas e lonxanas*”¹². Desde fai uns cantos anos levo no meu teléfono móbil unha fotografía da miña **Primeira Comuñón**. Sosteo un Crucifixo nas miñas mans e luzo con orgullo un traxe de mariñeiro, que, como dicimos en Lalín, me campaba moi ben. Xamais entendín o porqué deste uniforme, sendo eu de terra dentro, do interior de Galicia. O certo é que se trata dun traxe familiar, o mesmo co que o meu irmán e todos os meus curmáns varóns fomos recibir o Santo Sacramento. Pero, o particular de esa foto e, precisamente, a **ollada**, e o sorriso, así o percibo hoxe, agora, despois de varias décadas da vida.

O que quero expresarllles e que se trata dunha **ollada** que **permanece no tempo**, na historia, una **ollada** de **pertenza**: a **ollada** do Cristo cara min, e a **ollada** confiada e serea dun neno cara ó Cristo. Esa **ollada**, esa **presenza**, a amizade, o sorriso, a seguridade, a

¹² Manuel María. Se eu agora. Luciano Rodríguez. Poetas do século XX. Antoloxía. Pág. 240

fiúza e a súa proximidade son, asegúrolles, o mais, sólido, forte, estable, esencial e definitivo que puiden abranguer.

Así o entendín cando o expresou o Papa Francisco na *Evangelii Gaudium*: “¡Que doce é estar fronte a un crucifixo, ou de xeonllos diante do Santísimo, e simplemente ser ante os seus ollos! ¡Canto ben nos fai deixar que El volva tocar a nosa existencia!”¹³.

“Qué todo é esto?”, pregunta Balbino. Arestora non son quen de facer xermolar unha resposta, pero esa **ollada**, foi a razón que me animou a aceptar a invitación a pregoar a Semana Santa de Lugo.

Nestes anos puiden percibir a **ollada** de tantas mulleres e homes en busca de sentido para a súas vidas, que adoitan tecer a súa existencia en relación

¹³ *Evangelii gaudium*, 264

co sentido último de todas as cousas e de eles mesmos; en definitiva, mulleres e homes capaces de “reverenciar o infinitamente grande”¹⁴, como expresaba Dostoievski; mulleres e homes cargados de soños que voan alto. Mulleres e homes que, quizás sen sabelo, buscan a Deus, e, sobre todo, puiden entender, e quero pregoar, que a **ollada** de Cristo non é exclusiva. ¡É para todos! Trátase da **ollada** e o facer do Cristo que vai pasar e percorrer as rúas desta cidade, como o ven facendo desde fai moitos séculos; tratase dunha **ollada** que conmove e enche de paz os nosos corazóns.

Trátase de mirar e contemplar a Cristo nas vosas estacións penitenciais, para acadar amor e darlle resposta ó noso Balbino. E dicir, entender que todo isto, como expresa san Paulo con tanto asombro, é por min: ¡morreu por min! “Cristo amoume e entregouse

¹⁴ Dostoievski. Los demonios

por min”¹⁵. Concibir que todo isto que contemplamos é un acto de amor de Deus que **permanece** no tempo, a manifestación do amor mais grande¹⁶, o de Aquel que da a vida polos seus amigos, “o núcleo fundamental do que resplandece é a beleza do amor salvífico de Deus manifestado en Xesucristo morto e resucitado”¹⁷.

Que marabillosa responsabilidade para vostedes colaborar a propagalo, actualizalo, e amosalo aquí en Lugo para que a **ollada** de todos, e a vida de todos, se vexan real e positivamente afectadas:

Comenzando por la Cofradía infantil de la entrada Triunfal de Jesús en Jerusalén; Cofradía Sacramental de la Santa Cena; Insigne cofradía de la Santísima Virgen de la Esperanza; Episcopal y Catedralicia

¹⁵ Gal 2, 20

¹⁶ Jn 15, 9-17

¹⁷ Evangelii gaudium, 36

cofradía del Buen Jesús, que celebráis 75 años de existencia; Cofradía del Santo Cristo del Perdón y Nuestra Señora de la Piedad; Cofradía del Desenclavo del Señor y de los Mayores Dolores de María Santísima; y la Orden Franciscana Seglar. Vais a revelar las condiciones extraordinariamente duras y dramáticas, que padeció Jesucristo.

- Como la multitud apasionada sale de la ciudad y extiende sus mantos al paso del Señor, para aclamarlo con palmas, cantos y gritos de entusiasmo;
- Como fue recibido en la Ciudad Santa como un rey singular, un rey de paz;
- Como se reunió con sus íntimos, con los doce, inquietos, desconcertados, perplejos;
- Como rezó con ellos y por ellos y les transmitió el mandamiento supremo del amor y de la **pertenencia**;
- Como les entregó la copa de la eterna alianza y el pan de la vida;

- Como Jesús se queda solo, completamente solo;
- Como fue preso, juzgado y ejecutado como un criminal;
- Como pasó la noche del jueves al viernes en vigilia y movimiento de un lado a otro de la ciudad: del cenáculo al Huerto, de allí a casa de Anás y luego a la de Caifás; luego a casa de Pilato, que lo remite a Herodes;
- Como Herodes se burla y lo devuelve a Pilato que posiblemente lo consideró como uno de tantos embaucadores.
- Como los soldados lo humillan, flagelan, golpean, se reparten sus ropas;
- Como se ratifica la condena, se le carga con la Cruz y se le arrastra al Calvario, donde la condena se ejecuta;
- Como muere perdonando y justificando, incluso, a sus verdugos;

- Como “se hundió en aquella nada de la que habría de brotar la nueva creación”;¹⁸
- Y María de pie junto a la Cruz. Como la contemplamos aferrada a su fe, entregada. Quizás nunca fue tan pobre y tan grande. Sosteniendo todo con su **mirada** y asumiendo en ese momento que Jesús la hizo madre de todo el género humano.
- Y como hombres buenos y justos pidieron su cuerpo, lo desenclavan, envuelven en una sábana y lo colocan en un sepulcro clavado en roca.

En definitiva, axudarédesnos a entender que *“a Cruz non é unha metáfora. A Cruz de Cristo non é unha alegoría. A Cruz de Cristo é real, tan real como nos mesmos. Cristo morreu na Cruz realmente, sufriu o indíctible realmente... O amor que Cristo ten na Cruz é o amor concreto que nos ten a nos. E este amor de*

¹⁸ Romano Guardini. El Señor. Ed. Cristiandad. Pág. 495

Cristo a cada un de nos é un amor ata o extremo”¹⁹.

Un amor eterno, que **permanece** no tempo.

Esta é a resposta para o noso Balbino nesta tarde de marzo, preto xa da Semana Santa: Dicirlle que “un silencio, un saber deterse, pode ser mais intelixente que unha resposta intelixente”²⁰.

Dicirlle que atoparemos a resposta se nos detemos e nos deixamos gañar pola **ollada** de Cristo, deixando xa estampadas no noso corazón, para sempre, as súas palabras dirixidas ós mellores amigos -entre os que, non o dubiden, nos atopamos nos-; palabras de amor, de amizade, de **permanencia** e **pertenza** coas que remata este pregón:

“Como me amou o Pai, así vos amei eu; **permanecede** no meu amor, Se gardades os meus

¹⁹ Pablo Domínguez. Hasta la cumbre. San Pablo, Madrid, 2009. Pág. 62

²⁰ AAVV. El sentido busca al hombre. UFV. Pág. 20

mandamentos, **permaneceredes** no meu amor; como eu gardei os mandamentos do meu Pai e **permanezo** no seu amor. Díxenvos estas cousas, para que a miña alegría estea en vos, e a vosa alegría sexa plena”. Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros como eu vos ameí”²¹.

¡Moitas grazas!

²¹ Jn 15, 9 -12